

Manuel Rivas

# «Unha gran parte do xornalismo actúa como máquina de ocultación»

*Os grouchos* e *A corpo aberto* viron luz en 2008 para compilar a escrita xornalística última de Manuel Rivas (*A Coruña*, 1957). Dous elos máis nun macrotexto que conforman, por caso, *Galicia, Galicia* e, no que ha vir, os poemas de *Desaparición da neve*. Porque a ollada é común e non se avén a xéneros, as mulleres levan cousas na cabeza dunha obra de Rivas para outra. Aquí: dornas fronte a Titanic, rumor confrontado a ruído, voces baixas arrepostas á maquinaria pesada da historia. Contra principios de irrealidade, V Internacional. // **Ana Salgado** // **Fotos: Tamara de la Fuente**

Andar con Rivas un par de rúas da Coruña é sentir un mapa que sobarda a xeografía e está n'Os libros arden mal (Xerais, 2006). Se paramos diante da que foi morada de Casares Quiroga lembra camiñar por Panadeiras de cativo, a docería de en fronte. O Campo da Leña muda en Campo da Forca porque os lugares teñen voz. A súa é serena e a conversa na cervexaría Dublín, horas demoradas.

**A *corpo aberto* é o noveno volume que compila a súa escrita nos xornais, logo d'Os grouchos (Xerais, 2008), tamén deste ano. É este un traballo de recolleita e escolma?**

Non se trata tanto de abranguer un período, ten vontade de ser unha narración, ter un relato, un rumor. Incorpora diferentes xéneros dentro do xornalismo, entre eles o artigo de intervención, que no libro ten adrede unha estrutura como de blogue. Hai un traballo especial de escolma, mais tamén de urdir as follas que quería na procura desa narración. Sabendo que a natureza e a orixe desas pezas é diferente, resultaba particularmente interesante achegarse a facer con elas un relato. Afronteino cunha importancia especial porque recoller estas follas, para min as últimas do outono, é unha especie de fin de camiño.

**Cales pensa que poden ser as mudanzas no contacto cos lectores entre os dous soportes, o xornal e o libro?**

Na nosa percepción vemos o mundo como algo en cachizas. Un dos sentidos do noso traballo sería ser costureiros, intentar enfiar causas e efectos e tecer un texto con iso que aparece en anacos aparentemente desconexos, afastados ou fanados. Texto e tecido teñen moito que ver, mesmo na súa etimoloxía. A importancia do libro estaría en presentar o tecido. Tiña moito material, mesmo me preguntaba "como puiden escribir tanto?", se non era demais. Pero estou especialmente satisfeito con este tecido que se chama *A corpo aberto*, penso que ten unha harmonía. Textos de actualidade e polo medio o que chamaría unha novela breve, a reportaxe sobre a familia Oesterheld, que é dos últimos textos en que máis me esmerei, que me fixo cavar máis na condición humana. Porque todo texto ten que ser primeiramente unha experiencia para

un, non proxectada só no lector. Por iso falo de "a corpo aberto". Os chineses falan duns pintores que necesitan anos para facer un caranguexo e doutros que o pintan coa palma da man, sen agardar polo pincel. Eses dous tempos están no libro e constitúen unha certa simetría.

**Lemos no prólogo: "Tras a aversión ao literario no xornalismo agóchase, non poucas veces, un desprezo á liberdade, á procura expresiva. Un desamor cara ao propio mester de escribir". Como acompañar esta afirmación coa idea de que o sentido fundamental do oficio é dar conta do que ocorre en Guantánamo?**

O estilo, como se escriba, como se informe, está moi relacionado co que se conta, como se conta, co que se oculta. Un xornalismo literariamente pobre tende a ser informativamente pobre. Non estou a falar de extensións, unha información telegráfica pode ser moi coitada. Concorro totalmente coa idea de Ignacio Aldecoa de que o estilo é o anhelo de precisión. Isto é o que buscas tanto na literatura coma no xornalismo, e a precisión é condensación de información. Por iso ten tanta importancia a poesía. Quen teña unha ollada poética informará máis pronto de como se foi contando Guantánamo. Non foron os grandes medios os que tiveron antes a información senón que, como no caso das torturas de Abu Graib, saíu en blogues. E *New Yorker*, que ten un compoñente literario importante, informa moito mellor e antes ca *New York Times*. Penso que non se pode facer xornalismo excluindo a pregunta "por que?" e falo dun mundo paradoxal: o xornalismo sempre serviu para denunciar aquilo que permanecería totalmente oculto, pero gran parte del actúa como unha máquina de ocultación.

**Como se interrelacionan na súa obra xornalismo e ficción, máis alá da presenza da memoria ou de motivos comúns?**

A similitude está naquilo que reclama a túa atención. A ollada do xornalista e do escritor non é moi diferente á hora de reparar nos espazos de sombra. E ten que ser fértil, non podes mirar para confirmar as túas certezas. A disposición dos sentidos ten que ser mirar aquilo que non se pode e oír aquilo que non se debería. As diferenzas teñen que ver cos tempos, pero hai

moitísimos máis fíos dos que pensaba. Hai claramente unha coincidencia entre a dor da terra, que para min iso é a ecoloxía, co que pasa coas voces baixas, as que máis me interesan. Voces desaparecidas, que traballan nos espazos máis vivos e marxinais, o mundo do mar, da mina, dos xitanos, da vivenda. Entendo por voz baixa aquela que non arma ruído, que non se converte en epítáfica.

**Falou da experiencia de *Teima* como una das máis importantes da súa carreira. Foi o xornalismo deses anos un exemplo de liberdade?**

Eran intres de convulsión, fronteirizos, que sempre poñen cousas en cuestión. Cada mañá era unha sorpresa, o momento de abrir fiestras, mesmo temerariamente. Lembro ir facer unha reportaxe e saír sentindo o alento do lobo detrás. Hoxe cando falamos de caciquismo semella que nos referimos a formas amábeis, pero daquela había xente que se resistía a aceptar que puidese estar a nacer outro mundo. *Teima* foi un espazo de liberdade interior, unha especie de comuna pola maneira en que viviamos e traballabamos. Mesmo había moita confrontación interna, o que a facía máis interesante porque era un exercicio cara a fóra de descuberta e cara a dentro de compartir o pan da liberdade, eramos realmente compañeiros. Agora a realidade, o contexto, é moi hostil. Sempre cuestiono esa idea de fracaso cando de fala de *Teima* dicindo que foi un milagre. Non foi escola de heroes pero si de xornalismo e de firmeza profesional.

**Como ve o andar dos medios logo de pasar polo *Diario de Galicia*, *CRTVG*, *Luzes de Galicia*, *La Voz...*, logo de 30 anos na profesión?**

Pasei por todos os medios practicamente. Algúns compañeiros preguntanme agora como non escribo nun medio galego e é simplemente porque non me chaman. Non me queixo, penso que é porque me queren moito (risos). E algúns consideran que debería xubilarme, que é unha forma de cariño. O máis interesante sería ver as etapas históricas. Non se pode considerar que a nova historia do xornalismo galego nace coa morte de Franco. Hai momentos de oasis, de loita, que merecerían moita atención. A etapa de *La Voz de Galicia* arredor do ano 68, a "Galicia política" de Xosé

Antón Gaciño. Recordo unha manifestación na porta de *El Ideal Gallego* o 23 F pedindo a cabeza de varios xornalistas. Non é comparable con algunhas disputas de hoxe, estou a falar de xente que o día seguinte pode estar morta. No fraguismo, moi pouco memorábel, vivimos a base de espazos de resistencia. Non temos que esquecer que aquí houbo listas negras nos anos 90, e que unha parte importante da profesión foi cómplice ou mirou para outro lado. Unha etapa moi interesante é Nunca Máis, por primeira vez en moito tempo os xornalistas ían mirar o que fixeran, había un recoñecemento na sociedade. Co cambio político estamos nunha nova situación. Tampouco houbo unha revolución (risos) e a biodiversidade en Galicia aínda é unha materia pendente; o debate entre os medios, que si se apunta dentro deles, no arriquecemento da opinión. Apetéceme moito máis ler os xornais hoxe ca hai catro anos.

**Onde sitúa as causas que levan a que a nosa cultura siga tendo un espazo minorizado nos medios?**

Hai un problema exterior, uns atrancos que sería inxenuo obviar. Vemos que o obxectivo do federalismo, non só maior soberanía senón tamén maior interrelación, non provoca entusiasmo. Estamos absolutamente na pretransición canto á pluralidade cultural. A cultura para moitos medios de Galicia é como a noite dentro da noite. A primeira condición para facela visíbel é que sexa querida no país, quitar de encima estigmas que se poden desmontar, porque cando se fai Cultur.gal na Coruña eramos multitude, os concertos de Mercedes Peón ou *Cantos na maré* están ateigados. Na Feira do Libro da Coruña os máis vendidos son os libros galegos. Hai que ser duros na autocrítica, pero tamén moi rabelaisiáns na celebración do que se está a crear. Diría: nin unha queixa por diante, ou o ouveo ou o brinde. Temos a forza da creación, a enerxía do desexo, que é a que move tamén un país, e ten que ir acompañada dunha responsabilidade institucional. Podemos proxectar a nosa cultura fóra colocándoa onde non está: aeroportos, camiños de ferro, áreas comerciais, TVG. A cultura parece que non dá votos e ao final é o espazo da polémica.

**No sentido da autocrítica que mencionaba, como valora a incapacidade para crearmos unha plataforma que consiga superar esa invisibilidade?**

Penso que é moi importante non depositar toda a esperanza na maquinaria pesada, nunha gran estrutura que pretenda unilo todo. Non queremos para nada o Titanic, non necesitamos grandes cabotaxes. A cultura hoxe móvese mellor doutro xeito. Deberíamos ser vangarda na rede. Crear espazos é unha obriga das administracións, dirixilos non.

**Pensaba máis na creación dun espazo mediático cunha difusión aceptábel, logo de intentos abondos.**

Coido que xa non se pode pensar que vai ser cousa dun só medio. Temos que pensar en esforzos fragmentados e no traballo en rede. A música é un medio para proxectar Galicia que pode levar detrás toda unha cultura. Hai que procurar establecer esa conxunción de distintos eidos creativos, non ir coma o Titanic senón moverse como dornas. E hoxe podemos estar en calquera parte do mundo, con Mercedes Peón, con Teresa Moure, con Sendón e o documental sobre as casas doentes. O Instituto Rosalía, que se adiu sen moita explicación, podería ser iso, non caer no esquema estandarizado e movernos como dor-



nas, como emigrantes. A televisión dixital pode propiciar que exista unha canle cultural galega, ata agora baixo mínimos. E no eido da creación temos que arriscar máis, aparecer co imprevisto, ir sempre con espírito de vangarda, de convulsión, esa tolemia creativa, ser portadores de algo diferente.

**En relación coa súa idea de non termos un Titanic, non cre que somos quizais debedores en exceso dun paradigma de normalidade que vén dos 80?**

O discurso político en Galicia sempre subliña que hai unha gran capacidade empresarial, ninguén ten que vir de fóra explicarnos como se fan as casas. Dise de todos os campos, o mar,

os cultivos, a industria, pero con cultura faise unha excepción. Esa é a pobreza da ollada das institucións e no fondo o pouco que cren na capacidade da imaxinación. Cando se puxo a andar a monumentalidade da Cidade da Cultura ou outros centros de vangarda ninguén lles preguntou aos da cultura que lles parecía que se podía facer. Pilláronnos as infraestruturas cun ciclo atrasado. Aquí había moito máis potencial, pero caemos en mans do construtor do Titanic. A Cidade da Cultura hai que fragmentala, poñerlle unha bomba no bo sentido da palabra. Sei que nunca me farán caso pero Gaiás é Gaia, a nai terra. Poderíase converter no lugar onde pousa a esfera. Iso si que sería proxectar Galicia, e non é difícil, fáltalles a idea.

**O NOSO, QUÉIRASE OU NON.**

Todos, seguidores ou non, afectos e desafectos, sabemos que é o noso mascato de proa, o da nosa literatura. Aínda que el prefere ser un mascato libertario que vai por libre, indo e vindo, sobrevoando a nave e pousando en terra cando lle presta. Comezou de escritor/xornalista de cativo, entrando de rapaz nun periódico coa carta de presentación duns poemas e as notas escolares. Seguiu niso, pensando quizais que seguía o consello do pai que foi albanel e saxofonista: "Neno, escolle un traballo que sexa a cuberto". Xa era escritor e xornalista de mozo, cando estudaba en Madrid ou traballaba na Coruña, e lía libros pola súa conta, argallaba revistas e punteaba versos nas beiras dos folios dos apuntamentos.

Xa de grandíño tentou ser un xornalista normal. De gabinete de prensa, de periódico, da televisión. Era bo, moi bo, e tamén era persoal e intransferible, e iso matouno como profesional asalariado. Escolleu ser un mascato, trazar as súas propias rutas e as súas derrotas persoais, forxándose como escritor transterrado e como xornalista *freelance*. Cando nos demos conta, cicelaba columnas, sutil e ó tempo agudo como un raio láser, narraba reportaxes como se fosen relatos situados na realidade e escribía unha literatura engaiolante, un dos cumios do que se chama calidade de texto nas nosas letras. E nas veciñas. Sen apenas máis recoñecemento oficial ou oficioso que o dos lectores.

E, ó tempo, foise facendo máis persoal e intransferible, desacougando, converténdose de maior no rebelde que non foi de todo de mozo. Así que os ataques e menosprezos que recibe non son profesionais, senón persoais. Téñome atopado quen me pregunta, con malicia e mesmo sen ela, "se non é un tipo distante de máis", como se un fose dono das súas timideces e os escritores tivesen que ser como os cantantes, sempre dispostos a dicir desde todos os escenarios: "Sodes o mellor público do mundo!". Pola contra, é de admirar a paciencia e a amabilidade que desprega, que quizais lle teña atraído o peor da súa sona, a de ser bo de máis, ignorando que, como di un refrán, "debaixo desa capa hai outra que rapa", ou como di el que advertía un cura do Carballiño a unha freguesa tan guapa como inxenua: "Mariquiña, todos os santos teñen picha".

O que si é certo é que non fixo caso do consello do pai. Non traballa precisamente a cuberto. // **Xosé Manuel Pereiro**

**Sinalou a propensión á melancolía e ao pesimismo da esquerda. Cre que a súa praxe ante este presente de suposta refundación do capital non está sendo a que debera?**

Nesta crise fálese do diñeiro, da parte superficial, pero ten que ver coa destrución da natureza, coa desigualdade planetaria tremenda. Xa está ben de falar do automobilismo, de que nos digan que é un andazo que se cura cunhas inxeccións financeiras. O problema é que hai moitos coches demais, que estamos a vivir os estertores da idade do petróleo. Algo primordial é recompoñer unha internacional como sexa. Falaba da importancia das narracións e a narración da solidariedade no mundo está truncada. Póñense



tantas esperanzas en Obama porque parece como unha especie de fetiche, o elemento máxico está substituíndo o elemento da realidade. E o elemento da realidade tiña que ser esa internacional.

**Remata a legislatura do primeiro goberno non conservador con certa continuidade da nosa historia. Aludiu a un estado de “contentamento descontente”.**

A sensación final achégase bastante a ese poema de Camões. Só unha mente sectaria pode dicir que non pasou nada. Pasaron cousas, algunhas delas importantes se teñen continuidade. Non a menor o feito de que se carecía dunha experiencia de goberno alternativo. Para un país que ten unha experiencia de fracasos é moi importante que ese goberno se mantivese durante toda a legislatura cando os agoreiros falaban de que acabaría en “miña nai e maila túa quedan no río berrando”. Poño como metáfora o caso dos penedos de Soneira e Bergantiños que dabamos por perdidos e hoxe temos unha declaración de parque protexido. Mantéñome nesa situación de “contentamento descontente”, cun depósito de esperanza, enerxía que tamén hai que producir.

**Lemos en *A corpo aberto*: “Parte da edulcoración do franquismo consiste en intentar eliminar da banda sonora os desagradábeis sons das ferramentas de matar”. Como valora a institucionalización das políticas da memoria?**

As institucións tiveron que abordar iso dalgún xeito, con bastante atraso e timidez. Remitíriame á crítica máis importante e profunda, a de Amnistía Internacional cando di que unha lei da memoria ten que estar fundamentada na procura da verdade, na reparación e na xustiza, que é un asunto que obvia a institu-

cionalización da memoria. Déronse eses tratamentos institucionais pola extraordinaria mobilización cidadá, algo que parecía imposible hai dez anos. Pero teñen o perigo de satisfacer unha demanda que vai máis aló. Polo de pronto estamos a ver algo moi importante: a resposta das elites conservadoras en España dá a medida da súa miseria intelectual.

**E as últimas resolucións sobre a apertura de foxas?**

Desde o ano 2000 isto é algo que está facer a xente coa desvergoña xurídica internacional, que supón que aqueles que encarnan a xustiza nin sequera se presenten onde estaban aparecendo as vítimas. É un caso tal de inmoralidade que nos sitúa na linguaxe do complexo de Creonte, aquí Antígona segue a ser represaliada. Pero coido que é un movemento imparábel e que nalgún momento alguén fará algo desde a xustiza. Se non é en España é fóra.

**A loita do home contra o poder é a loita da memoria contra o esquecemento?**

Totalmente. Esquecemento é sinónimo de secretismo. O poder faise máis totalitario, intratábel, arbitrario en función do espazo de secretismo, que se constrúe coa desmemoria. O virus peor que temos é o da desmemoria. A humanidade ten un saber acumulado e deberíamos ter un kit para defendernos dos vampiros que nos chupan a memoria. Como poden ir uns burócratas, elixidos polo pobo, propor a xornada laboral de 65 horas? Recordo o meu avó carpinteiro –tiña outro labrego– falar cunha emoción tremenda sobre a folga máis longa que se fixo en Galicia, case un ano, reivindicando as 8 horas. Decía, “e conseguímolos, carallo”. O esquecemento é a principal ferramenta para o control das mentes.

## Na misa e repicando

### Xornalismo Rivas reúne pensamentos nunha nova entrega periodística

O corpo aberto tiñan o habitante da sala número cinco do campo de reasentamento de Larkhill, V. O debuxante David Lloyd sinala que *V de Vendetta* (Planeta-DeAgostini, 2005) é para as persoas que non apagan as noticias. É aí onde hai que situar a Manuel Rivas, onde non se apagan as noticias. Tamén onde o que se publica nun xornal ou revista é ben probable que se recolla nun libro e que o publique Xerais. Pero a definición do que fai o autor de *Galicia, Galicia* (Xerais, 1999) ou *Galicia, el bonsai atlántico* (Ediciones El País, 1989) ou *Os grouchos* (Xerais, 2008) chega agora con *A corpo aberto* e advírtese na portada: *unha ollada indie do local ao universal*. Como nota introdutoria o autor aclara. Viaxe indie: “independente, libre, irónica, crítica e de fábrica literaria”. E continúa “digo iso, o do literario, sen complexos”. Contra unha “aversión ao literario no xornalismo” que non sabemos se situar nos excesos narrativos de La Cope ou no modo de produción e a loita de clases da información que este libro tamén retrata. Non sabemos se sinala ao xornalista, ás empresas que non contratan profesionais con “ollada” e “calidades literarias” ou ás facultades de Ciencias da Comunicación onde os e as estudantes pelexan por distinguir entre iso de que a verdade non estrague un fermoso titular e o de que os xornais deberían informar do que o poder non quere que se informe.

*A corpo aberto* é unha reunión de textos publicados en diferentes medios de comunicación pero ningún deles se chama *indymedia*. Está dividido en catro partes. A primeira, “Unha ollada indie á España do Último día” –España coma ese lugar en que case todo comeza e remata cunha misa– acolle sobre todo textos pro-recuperación do sentido común. Tamén en Galicia, onde non se sabe se facer bibliotecas (subimos) ou tanatorios (baixamos). Textos que dan conta dun acontecer dende aqueles días en que o PP estaba algo máis unido e televisaban seguido combates entre as irmás Talante e Crispación.

A segunda parte chámase “A amnesia retrógada” e induce a preocuparse porque se un día o PP regresa á Moncloa non haxa que volver os cadáveres ás foxas. “Ulises e Pénélope están na

**A corpo aberto** ·  
Manuel Rivas ·  
Xerais, 2008 ·  
352 páx · 18,50 euros



cadea” e os textos traen obriga de termos memoria e analizar que hai entre o Garzón heroe nacional e o Garzón inquisidor coa esquerda en Euskadi que non quixo ser o superjuez.com do grupo (indie?) Grande Marlaska.

A terceira chámase “A revolución do mar” e o libro todo está dedicado entoutros e outras, “aos que viviron o Nunca Máis”. Os textos –nos que tamén hai monte– piden que lembremos as Encrobas cando vexamos unha chave da luz e levan a cuestionarse cousas coma se non haberá alguén chamado “Pipas” en todas as aldeas ou se teremos que agardar á insubordinación da desconexión dos polos para desenmascarar o “Emporio do Lixo Nuclear”.

A cuarta reúne “Re-existencias” que son artigos máis breves sobre mulleres que levan cousas enriba da cabeza ou qué facemos na cama.

A Rivas, de Obama, gústanlle as orellas. *A corpo aberto* é un fragmento da autobiografía do pensamento do autor que non estaría de máis que fose lectura recomendada en Educación para la Ciudadanía. Nun artigo cita a Patti Smith: “follar co futuro”. O presidente en funcións da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, dixo unha vez “non vos follarei”. Outro Emilio, o mexicano José Emilio Pacheco, escribiu “noite tras noite a xente soña con acabar co que pensa por todos”. Manuel Rivas sinala “a ignorancia e a mala educación van da man da mala hostia”. Pero co qué acontece destes artigos non mellora moito o humor e empeoran as ganas de ser ben educada. Corpos pechados hai en Israel. “A humanidade aínda non sabe que está sendo abandonada”, as e os palestinos si. O xornalista insta nun dos artigos a dicir de que estamos fartas. No *V de Vendetta* da compañía de teatro Berrobambán unha cadea suxeita a actriz Paula Carballera mentres pregunta de quen nos quereamos vingar. Viva Rouco! // **Xiana Arias**

**A súa insistencia en afirmar que *Os libros arden mal* non é unha novela histórica débese á necesidade de separar memoria e historia?**

Obxectivamente o tempo da novela non é un tempo parado na historia, que se poida acoutar. Non é porque lle teña repugnancia ao cualificativo “histórica”, pero paréceme inexacto facerlle a autopsia a unha obra que non morre. *Os libros arden mal* ten moito de historia pero tamén moito, seguindo a Roland Barthes, de loita contra ela. Efectivamente aparece a maquinaria pesada da historia, unha guerra, unha ditadura, mesmo o ensaio histórico. Pero non é esta maquinaria a que fai avanzar a historia, son as voces

baixas, que loitan contra o tempo cronolóxico porque non o aceptan. O que vemos é o tempo da vida, que vai adiante e atrás.

**Pode a subxectividade da memoria esvaecer a obxectividade dos feitos?**

No ton en que os personaxes rememoran, a principal ferramenta que teñen é a ironía. Cando se chega a situacións límite brinca o humor como arma de defensa da vida para as voces baixas; un tipo di: “tanto meten no cárcere por ser surrealista?”. Hai unha enerxía que ten que ver mesmo coa condición libertaria de moitos dos protagonistas. Neutralizan o que puidera ser un dramatismo que os le-

varía á extinción, non só física senón da ollada, da memoria, das verbas, co elemento da ironía. A cuestión que formulas é sempre un conflito cando un traballa. Imaxina se fixésemos a historia en función do relato dos xornais durante a ditadura, ou dos discursos, dos ensaios históricos, mesmo das leis do franquismo. Acabamos de descubrir que non son 30.000, falamos xa de 120.000 corpos desaparecidos. Así cambia a historia en poucas semanas. Podemos dicir que a voz de O é subxectiva, o que di O non o escribiu, non aparece no No-Do, pero a súa é a memoria de moitas lavadeiras reais.

**Non pode haber na preeminencia das historias orais un risco de desactivación da análise política dos feitos?**

Penso que esas voces son precisamente as que nos permiten darlle verdadeira dimensión política. O que constitúen todas esas voces é a encarnadura. O balance da historia non se pode facer cunha romana onde se colgan cifras, número de derrotas. O extraordinario é ver cando se produce un temporal desas dimensións, irrepitíbel, como reacciona cada quen dunha maneira distinta. Entendo que isto é fundamental para o político. Ollar todo iso non só para facer balance da guerra, senón para ver de que maneira deixa fanada a condición humana. E iso podemos velo na xente, no seu salario, en que se lle roubou.

**Dixo que n'Os libros arden mal foron os personaxes os que tiraron da historia e penso que son o que máis permanece no recordo. Tamén para vostede?**

Non podo dicir mesmo que algúns deles se fosen de todo. En moitas obras hai un punto final, e mesmo o seu tratamento no cine fai que lles deas unha iconografía determinada. Neste caso teño a sensación de atopalos, sobre todo na linguaxe. Os personaxes fixeron moito por falar e hai momentos en que o seu falar está presente.

**Considera que a novela pasou un certo silenciamento. A que cre que se pode deber?**

Que o libro tivese unha proxección no ámbito estatal non é incompatible cun determinado silenciamento. Cómpre ser cauto e obxectivo, senón acaban dicindo "pero este que máis quere?". O libro tivo premios, vaise publicar agora en Italia e logo en Inglaterra. Leva tres edicións, e aínda que sexa doado de ler, non o é tanto meterse nel. Pero o silenciamento é obvio na Coruña, nalgúns eidos institucionais, mediáticos, culturais. Falouse moito máis deste libro en París ca na Coruña, cónstame que ás veces con intención de silenciálo. Paréceme chamativo e ao tempo non me sorprende, é parte da vida do libro.

**Non pensa, así e todo, que hai un certo acordo entre os lectores arredor desta novela como algo grande?**

Unha das conclusións é que a linguaxe ten moito que ver co corpo, é algo moi material. O libro está rematado pero é dos que tamén quedan contigo. Ese gasto, ese gozo, é unha cousa túa. Se o miro pola experiencia física, anímica, corporal, penso que é un libro bastante perigoso (risos). No sentido en que Ciorán dicía que un bo libro ten que intentar ser un perigo. Non sei se unha gran obra, pero un perigo si que é.

**A súa poesía vese, penso, algo invisibilizada polo éxito en narrativa. O seu próximo libro será o poemario *Herbas da cega*.**

Forma parte dun libro de arte con Xosé Luís de Dios que leva ese título. Entregueino vai xa para un ano, sabendo que é unha publicación que farían en Ourense e saíría arredor de ou-



**Son as voces e as historias orais as que permiten darlle verdadeira dimensión política ao pasado e constitúen a súa encarnadura**

tubro. Logo seguíu traballando e hoxe "Herbas da cega" forma parte dun poemario duns trinta textos que quero publicar á marxe dese libro. Titularase *Desaparición da neve* e debera estar para a primavera.

**Non lle gusta o concepto de "sistema literario", que cualificou de "caste de organismo kafkiano".**

Trátase dunha postura un pouco irónica fronte á linguaxe estruturalista. Paréceme superficial esa obsesión por estruturar todo en cuadrículas, ese afán clasificatorio. Falando de "literatura galega" entendémosnos ben, e unha literatura íntegra todo, desde o lombo do libro. Para min a literatura é

o cuestionamento de determinados sistemas, do acabado, é algo que máis ben pode arrodear o sistema. Tampouco me retaría en duelo por esta cuestión, nin apostaría nada máis ca un vaso.

**Outra vez unha pregunta d'Os grouchos. É mala a literatura galega?**

Só aceptei esa discusión desde o punto de vista da ironía. Escribín ese artigo asombrado do silencio ante afirmacións como que non se escribira nada bo en literatura galega desde o 67. As disputas persoais non me interesan. A Franco Grande mesmo o vou vendo con simpatía por ese ton de rabechudo. Recórdame ao personaxe clásico de Timón dicindo: "Na miña leira hai unha figueira magnífica e teño pensado cortala, veñovolo dicir por se alguén quere aforcarse nela" (risos). Unha literatura deféndese por si mesma ou non se defende. Eu faría simplemente unha experiencia: coller os Premios da Crítica nos 25 últimos anos en Galicia xunto cos das linguas da contorna, castelán, catalán, francés, inglés, portugués. Para ver a densidade expresiva e estética, que o que levedou neste país é un pan tan bo coma o mellor.

**Dixo que nunca máis ía facer listaxes de autores preferidos porque sempre ficaba fóra Graciliano Ramos. Entenda que case é unha obriga preguntarlle, polo menos, que le agora mesmo.**

Sempre teño unha panoplia, unha torre de cousas. Entre as lecturas en que me estou metendo máis están a poesía de Faulkner e de Sylvia Plath. Un libro de Cunqueiro que me parece un desastre que non lese antes, *El laberinto habitado* (Nigra Tea, 2007). De ensaio un sobre federalismo de Ramón Máiz que me parece boísimo. Despois pelexando con Sófocles e Eurípides. Fago así, chego agora á casa e pónome co que lle cadra. Lin tamén unha especie de apéndice de *Vida y destino* (Galaxia Gutenberg, 2008) de Grossman moi interesante. Dentro da literatura galega gustoume moito *A árbore seca* (Espiral Maior, 2008) de David Souto e tamén me pareceu moi bo o de Iolanda Zúñiga, *Amor amén* (Xerais, 2008).

**Falou de que os lectores máis novos se achegan a Lois Pereiro como quen escoita a Velvet Underground. Estaba onda Radio Océano, o Bravú, a música acompañou algún dos seus textos. Que música escoita?**

Esta tempada estou escoitando moito a Eric Satie. O que me pasa moito é engancharme. Recordo a época en que vivía con Lois e con Xosé Manuel Pereiro e pasamos unha noite escoitando seguido a canción de Neil Young, "Words". Tiven unha tempada de enganche enfermizo con Nick Cave. Tamén Lou Reed. Volvo escoitar agora moito Leonard Cohen, cunha canción que é un dos mellores poemas que se poden oír, "The traitor". Non podo concibir a música dunha forma xerarquizada e móvome por ela como por distintas paisaxes. Podo pasar de Xabier Díaz a Lila Downs. As voces femininas de blues parécenme do máis extraordinario que hai. Pasar do fado ao blues para min forma parte da mesma corrente. Vexo todo como un rumor. Aí o Barthes diferencia moi ben entre rumor e ruído, e a música é ese rumor maravilloso que enfía as cousas. Interésame moito o esforzo por facer da palabra parte do tecido dunha canción. Así Leo Ferré, Lluís Llach. Unha época á que volvo porque me sinto moi ben: Van Morrison, Joplin, José Afonso –se fose gringo estaría nos altos máis grandes–, Benito Lertxundi, Mikel Laboa. Tamén Marian Faithfull. E unha que me gustará toda a vida é Patti Smith. Agora acórdanme as que máis me gustan.